

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE MAIO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 24 de maio de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 22 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste aos puntos 4 e 10)
D^a. María Isabel Cabeza Pereiro (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 11c)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 8c e 9c)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste ao punto 11a e 11e)
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 21 de maio de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 21 de maio de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. Susana García Álvarez e D^a. Olga Gómez Corbal.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (Resolución nº 13/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia)**

Dáse conta da citada resolución pola que se acorda non admitir o recurso nº 11/2018 interposto por D. Manuel Duarte Garrido, en representación de ENTIDADE COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L. contra os pregos e levantar a suspensión. Desta resolución deuse conta á Xunta de Goberno local na súa sesión do 21 de maio de 2018.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (lotes 1 e 3)
 2. SAGRES, S.L. (lote 4)
 3. PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3)
 4. DANNERBOOTS, S.L. (lote 4)

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. achega un só exemplar da documentación polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación. Así, mesmo, a documentación, ao igual que a de DANNERBOOTS, S.L. non está asinada polo que non reúne os requisitos de presentación previstos na cláusula 13.3 do PCAP (*“Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente, deberá achegarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”*).

A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Asisten á apertura D. Xabier Herrera Taboada, con DNI 76.863.763-V, en representación de DANNERBOOTS, S.L.; D. José Carlos Montemuíño Santos, con DNI 36.028.508-C, en representación de UGT; D. Emilio Vigo Quirós, con DNI 36.025.575-P, en representación da CIG; D. Santiago Martínez Pardo, con DNI 36.096.616-W, en representación do Sindicato Independente do Concello de Vigo; e D. Manuel Duarte Garrido, con DNI 76.934.487-Q.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda conceder un prazo de tres días hábiles a SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. e DANNERBOOTS, S.L. para que emenden a documentación presentada no Sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, presentando escrito asinado por persoa con poder de representación no que subscriban a proposición presentada:

- No caso SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.: deberá subscribir a proposición presentada na data 6 de abril de 2018 co número de rexistro de entrada 180049855.
- No caso de DANNERBOOTS, S.L.: deberá subscribir a proposición presentada na data 10 de abril de 2018 co número de rexistro de entrada 180052014.



Se as citadas empresas teñen constancia de que o contido dos demais sobres presentados tamén se presentou sen asinar, poderán emendar esta circunstancia do mesmo xeito, sen que en ningún caso desvelen o contido da súas ofertas.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA	55.000 €

Ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP (“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”) a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a máxima puntuación ao licitador (55 puntos – apartado 8B do Anexo I -FEC- do PCAP).

Segundo o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 15 e 16 de maio de 2018 o licitador obtivo unha puntuación de 23,50 puntos polo sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

En base ao anterior, a puntuación obtida pola AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA é a seguinte:

	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
1	AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA	23,50	55,00	78,50

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220) (informe sobre B)



Entrégase o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 16 e 21 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e mantemento do observatorio socioeconómico de Vigo (14.689-77) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o 22 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) (informe sobre B)

A secretaria informa aos membros da Mesa que as empresas VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. e OHL SERVICIOS INGESÁN, S.A. emendaron correctamente a documentación do sobre B dentro do prazo concedido.

Entrégase o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o 22 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración e posterior revisión/actualización e implantación de plans de autoprotección ou normas de actuación no caso de emerxencia nos centros onde se desenvolven actividades de titularidade municipal (29.372-220) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación ASINANTE INFORME o 16 e 21 de maio de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*. En relación co indicado no referido informe sobre a proposición de COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y PROYECTOS, S.A. (*“preocupa ao SPPRL-CV a estimación que realiza dunha sesión por centro de traballo, que non se adapta ao prego de condicións técnicas. Este prego establece que se impartirán tantas sesións como sexan necesarias tendo en conta que non se superarán os 25 alumnos por sesión y se terán en conta as quendas de traballo. Como aplicacións e programas informáticos presenta formación online (que o SPPRL-CV considera complementaria a formación presencial -esixida no prego técnico-, nunca substitutiva desta) e unha plataforma web para a xestión documental que pode resultar interesante para garantir o cumprimento da lexislación e facilitar o seguimento do cumprimento do contrato”*) a Mesa quere facer constar que ao tratarse dunha mera estimación e tendo aceptado o licitador os pregos que rexen esta contratación ao presentar a súa oferta, en caso de resultar adxudicatario terá que cumprir a totalidade das esixencias previstas no PPT.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e mantemento do observatorio socioeconómico de Vigo (14.689-77) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o 22 de maio de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) (informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director técnico do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o 22 de maio de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada e admitida, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA	78,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 970,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o acordo de clasificación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BRICANTEL ESPAÑA, S.L., que presentOU a documentación dentro do prazo concedido.

Cualificada a documentación pola Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles ao referido licitador para que poida emendar a súa documentación. Concretamente, deberá presentar documentación acreditativa de que posúe a solvencia técnica e profesional esixida na cláusula 8 do PCAP, pois a que presentan resulta insuficiente (*“Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato”*). O prezo do contrato son 199.999,99 euros).

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2018 (8.560-336)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o acordo de clasificación foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes desta licitación (TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1, 2 e 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lotes 4, 6 e 7), XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lotes 5 e 9), MR. PICWICK SCHOOL, S.L. (lote 8)), que presentaron a documentación dentro do prazo concedido.

Cualificada a documentación pola Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade, conceder un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a súa documentación:

- TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.: deberá presentar a declaración esixida na cláusula 21 do PCAP (*“Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 deste prego”*).
- SERVIPLUS TOTAL, S.L.: deberá presentar a declaración esixida na cláusula 21 do PCAP (*“Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 deste prego”*).
- MR. PICWICK SCHOOL, S.L.: a garantía depositado na Caixa Xeral de Depósitos non é válida. Só poderán constituírse nesta Caixa garantías a disposición das Administracións Autonómica e Local cando exista un convenio que o posibilite, non existindo ningún convenio en vigor na actualidade. En consecuencia, deberán depositar unha nova garantía polo importe indicado na notificación do acordo de clasificación en calquera das formas previstas na cláusula 22 do PCAP ou ben solicitar a retención do importe da garantía no prezo do contrato ao abeiro do previsto no artigo 96.2 do TRLCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L.	96,00
2º	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	84,63
3º	SERVIGUIDE CONSULTORIA, S.L.	84,11
4º	ARXON ESTRATEGIA, SLU	79,82
5º	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.	72,50
6º	UTE DESSA URBANISMO SLNE - GARCÍA-ALÉN ASESORES, S.L.	64,33
7º	XEDEGA S. COOP.	41,02

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días*



hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.161,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80% - PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 e 23 e de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) por un prezo total de 179.080,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.080,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 9 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 22 de marzo de 2018 polo que non se admite neste procedemento á UTE EULEN S.A.- AUNAR GROUP 2009, S.L. por ter presentado dúas proposicións, tal e como consta no certificado expedido polo Rexistro xeral deste Concello de data 20 de marzo de 2018, ao abeiro do previsto no artigo 145.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EMSEBUR, S.L.	97,00
2	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.	16,52

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.887,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., o día 6 de abril de 2018, quen non presentou a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na súa sesión do 7 de maio de 2018, tendo en conta a proposta da Mesa de Contratación do 3 de maio, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 10 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.887,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Cuarto.- O anterior acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L., o día 8 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 18 e 23 de maio, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula do 2 de abril de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areas do Concello de Vigo (12.941-306) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 969.823,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 168.316,43 euros.*
- b) *Propón un incremento anual de 300 horas de libre disposición do persoal socorrista, axudantes de primeiros auxilios ou monitor especialista (máximo 300 horas, excluídas as 120 obrigatorias incluídas como bolsa de horas no prego de prescricións técnicas).*
- c) *Propón unha baixa proporcional única do 11,21% dos prezos unitarios fixados no apartado 3G das FEC do PCAP por hora de prestación do servizo, segundo a categoría do persoal (13,22 €/h para socorristas, axudantes, telefonista e monitores de persoas con mobilidade reducida e 15,26 €/h para DUE ou GE e condutor), de aplicación en caso de modificación do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptado pola Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Sesión do 12 de febreiro de 2018: a Mesa acordou non admitir neste procedemento de ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas.
- Sesión do 15 de marzo de 2018: a Mesa acordou excluír a ELSAMEX S.A. por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP ("Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC").
- Sesión do 19 de abril de 2018:
 - A Mesa acordou excluír a CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. e UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.- SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP ("Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC").
 - A Mesa acordou excluír a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. por incompatibilidade (artigo 56 do TRLCSP), ao ter participado na elaboración dos documentos preparatorios do contrato podendo supoñer esta participación un trato privilexiado con respecto aos demais licitadores.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	94,00
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	79,88

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 982,00 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), o 4 de maio de 2018 que presenta a documentación requirida os días 16 e 18 de maio de 2018, dentro do



prazo concedido; e completa a documentación acreditativa da solvencia técnica o 22 de maio, transcorrido o referido prazo, se ben a solvencia pode ser obxecto de emenda (Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos do texto refundido da Lei de Contratos do sector público tras a modificación realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización: “Se o licitador presentara a documentación a que se refire o artigo 146.1 no prazo sinalado pero se presentara incompleta ou con defectos emendables, esta Xunta Consultiva considera que o órgano de contratación deberá darlle a este licitador prazo para emendar que sexa suficiente”).

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 de febreiro e 27 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do seguinte acordo:

“Adxudicar a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI) o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 384.900,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 66.800,83 euros.*
- b) *Propón unha redución no prazo de execución das obras de 21 días.*
- c) *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*
- d) *Propón un incremento do prazo mínimo da garantía ofertada da obra executada de 10 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

f) Procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213) na seguinte orde descendente:

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
ITURRI, S.A.	100



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a solvencia económica e técnica e os certificados esixidos no apartado 6B do Anexo I -FEC- que xa foron presentados no sobre A.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.028,63 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 18 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ITURRI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 24 de maio de 2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ITURRI, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 976.879,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 169.541,05 euros.*
- b) Propón un 15% de prendas en stock a maiores do mínimo do 15% fixado na cláusula 8.2 do prego de prescricións técnicas particulares.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:27	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A44C-C63E3B-46E325-ZZQFFW-9TXM5P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		